

4. Pode existir comunicación lingüística entre unha persoa e un animal? Xustifica a túa resposta e achega diferenzas entre a linguaxe animal e a humana.

Podemos pensar que hai comunicación lingüística cando, por exemplo un can, o animal reacciona de xeito específico ante diversos signos lingüísticos. Mais, comprende o que implica o signo ou responde a un estímulo concreto, sen maior comprensión? Porque as palabras adoitan asociarse tamén a determinados xestos que realizamos ou a contextos concretos cando “falamos” con animais, de xeito que sequera están memorizando formas arbitrarias.

En todo caso, algunhas investigacións con chimpancés parecen indicar que poden aprender un gran número de signos visuais (xestos parcialmente motivados) e mesmo manexar formas físicas simbólicas (pezas sen relación motivada co referente) para comunicarse con persoas coas que conviven. Nalgúns casos constátase, así mesmo, a combinación de signos por parte destes animais para compoñer “enunciados” novos (chimpancé + comer + banana), o que enfrontaría as interpretacións destes comportamentos como mera aprendizaxe de trucos (se achego esta forma, consigo tal recompensa).

En conclusión, algúns animais poden aprender determinados signos, tamén lingüísticos, pero iso non quere dicir que se erixan en receptores dese tipo de comunicación, agás -con reservas- aquelas especies máis próximas dos humanos.

A linguaxe animal presenta diferentes niveis de complexidade, dependendo do grao de desenvolvemento de cada especie, mais sempre é produto do instinto, non un produto cultural e convencional. Ademais, carece da flexibilidade da linguaxe humana, que nos permite combinar un número limitado de sons para producir un número infinito de enunciados, mediante as cales comunicamos unha enorme cantidade de información. Coa linguaxe verbal realizamos abstraccións, imaxinamos e creamos mundos de ficción ou procuramos permanentemente explicacións para a realidade, proxectando en mitos as ansias que non se poden satisfacer.

- Linguaxe animal: instintivo, concreto, rixido e non articulado.
- Linguaxe humana: cultural, abstracto, creativo e articulado.

5. A relación entre significado e significante de *paporroibo*, *peixe espada*, *quiquiriquí* ou *afialapis* é natural ou arbitraria? Razoa a resposta.

En todos os casos é arbitraria. Nas palabras compostas, os termos base son de seu signos arbitrarios (e distintos en cada lingua, claro). As palabras que parten dunha onomatopea semellan signos motivados (sono parcialmente), mais cada lingua secciona convencionalmente o son natural e conforma o termo cuns fonemas determinados. Así, *quiquiriquí* en francés é *cocrico*, en inglés *cock-a-doodle-doo*, en coreano *ko-ki-oh*, etc.